

-INVERSA TEATRO

TÉ CON KANT



Texto e Dirección: María Caparrini e Marta Pérez.

Interpretación: Marta Pérez e María Roja.

Creación plástica: María Roja.

Fotografía: Leonor Sangabriel e Berio Molina.

Edición de vídeo: María Crespo e Ángel Sousa.

Vestuario: Centro Dramático Galego.

Música: Mozart.

Maquillaxe: Inversa Teatro.

Producción: Inversa Teatro



Que é *Té con Kant*?

Té con Kant é un proxecto experimental que conxuga a combinación entre o ensaio filosófico e a creación escénica xogando co humor e a ironía para obter unha peza de teatro íntimo próxima ao formato de teatro-didáctico-conferencia, onde as súas actrices María Roja e Marta Pérez tentan exercer como axitadoras filosóficas coa pretensión de remover e promover a reflexión (e acción) do público asistente ao redor da problemática moral nos nosos días, así como examinar as vantaxes e inconvenientes morais da época ilustrada. Baixo o espectro do seu amigo o filósofo Inmanuel Kant, exploran o porqué do fracaso da ilustración e a súa absoluta confianza na razón humana para dar paso á nosa época post-moderna na que predomina o fragmento e a decepción. É posible aínda un mundo e sociedade mellores baixo os ditames da razón ilustrada ou esta é ad infinitum unha condena ao fracaso? Todo iso, será razoado entre as creadoras e o público baixo a invitación dun exquisito té.

HISTORIA.



María Roja e Marta Pérez son Theodora Kraus e Johana Gottfried; dúas mulleres ilustradas de clase alta nadas en 1750 e 1748 respectivamente na cidade de Königsberg na Prusia Oriental, hoxe en día rebautizada como

Kaliningrado. Coetáneas de pensadores, matemáticos e filósofos como Inmanuel Kant, Rosseau, Voltaire, Motesquieu, Johann George Hamann, Lessing, Leonhard Euler, David Hume... viven e sofren a discriminación de non ter acceso á universidade por ser mulleres. Ante esta inxustiza acometida polo propio sistema e como herdeiras das primeiras feministas da historia durante o medievo francés como Christine de Pisan e Olympia de Gouges, deciden nunha das súas reunións nos salóns de mulleres da súa época, un acto de revelación: travestirse para ter acceso a algo que a historia lles roubou e que merecen por dereito propio, isto é: acceso ao saber.


Na universidade tópanse co pigmalión intelectual dunha época, Inmanuel Kant, que lles ofrece unha postura irenista entre os dous grandes movementos do momento: o empirismo (con David Hume á cabeza) e o racionalismo (abanderado por Christian Wolff). Viven nas súas carnes o “espertar do soño dogmático” que lle producen a Kant as lecturas de Hume e as convulsas disputas filosóficas entre Kant e Hamann sobre a confianza absoluta na razón que o primeiro manexaba e o segundo transgredía co seu “Sturm und Drang” (tormenta e ímpeto). Saborean os pratos de disertacións filosóficas en casa de Kant como convidados convertidos en Theodor e Johan ata que a súa delicia vese



truncada nun xogo do destino.

Nun dos seus paseos matutinos polas sete pontes de Königsberg, soadas por ser obxecto do famoso problema das pontes de Königsberg, que Euler resolveu en 1736 e que deu lugar á teoría de grafos, experimentarán unha viaxe a través do tempo á época actual.

Este suceso, aínda que increíble, pode suceder e para iso, gravamos a explicación por parte dun científico que nos fala de como son posibles as viaxes no tempo a través dos buracos de verme. Gravación que por suposto, tamén é mostrada ao público.



A súa vida no século XXI convive entre a fascinación polo avance tecnolóxico e a frustración porque o gran plan trazado polo seu amigo Kant, a ilustración, fracasou. O progreso material non foi acompañado dun progreso moral, como especulaba o ilustrado e iso é un duro golpe para Theodora e Johanna.



A través do diálogo, ao estilo dos diálogos platónicos co público tentarán chegar a unha conclusión na que predomine máis o “amor á verdade, Alétheia” que as opinións particulares. Seguindo o famoso imperativo categórico kantiano, isto é: “obra de tal modo que a túa máxima

se converta en lei universal” o público debe decidir o final destas dúas mulleres. Teñen a posibilidade de volver á súa época, que deben facer? deben volver ou deben quedar? por que? Se volven, deben dicirlle a Kant que o seu ideal fracasou? por que? Se isto sucede, a historia actual pode cambiar no momento en que o público sae pola porta, están dispostos? Non deberían seica, volver para dicirlle a Kant que son e sempre foron mulleres e con iso, que este reformule os seus prexuízos ante o belo sexo? Deben volver e non desvelar ningunha información sobre o futuro? por que? é lícito non dicir a verdade a alguén que busca unha revolución para a humanidade? É máis, é lícito non dicir a verdade a un amigo? Se se van e non din nada, poderán soportar o silencio? poderán soportar vivir noutra época en silencio unha vez que viron esta? importa máis a verdade ou o egoísmo de non querer sentirse mal? Se quedan, Kant pensará que están mortos, é lícito facer pensar isto a un amigo? por que?

Teñen présa...as condicións para volver atrás no tempo só de dan agora, pasado un ano da súa estancia neste lugar e época do mundo. Só o público ten a enorme responsabilidade de tomar unha decisión que pode cambiar a historia dos tempos e para iso debe empregar da mellor forma posible a súa disposición moral.

UN ESPECTÁCULO DIFERENTE:

CREACIÓN, HUMOR, MANIPULACIÓN DE RECORTABLES E SOMBRAS.



En Inversa seguimos explorando diferentes posibilidades escénicas e por iso, nesta ocasión demos o paso de contar o principio da nosa historia dun modo diferente. Para iso, empregaremos o recurso da manipulación de bonecos recortables; as fotos de Hume e Hamann que a modo de monicreques de varilla interveñen sobre láminas de pinturas ilustradas onde explicamos de onde vimos e a época ilustrada. Ao mesmo tempo, intervimos nas propias pinturas con fotografías retocadas e poderán verse nosas caras nas pinturas dos famosos salóns ilustrados do S. XVIII. Para iso, empregaremos unha cámara que enfocando

estas pinturas, recortables e monicreques ao mesmo tempo proxectará as imaxes nunha pantalla. De igual forma, cada lámina ten diferentes posibilidades e explicacións; así sobre Königsberg poderemos ver a Federico II de Prusia. Tamén nas festas na casa da Condesa de Keiserling están Theodora e Johanna, que podemos ver con axuda dunha lupa que nos amplía os seus rostros no percorrido destes cadros do século XVIII. Introducimos tamén o conto como elemento para tentar explicar como a Ilustración é a chamado Século das Luces e porqué, un conto que irá acompañado dun xogo de sombras que as propias personaxes escenifican.



E todo iso para falar de filosofía dun modo actual, aínda que rigoroso, entendible, aínda que non infantilizado e reivindicar que aínda está máis vivente do que queremos pensar en todos os nosos actos. Para que? Para que o público marche cunha idea do que significa metafísica, do que significa ser libre e tamén para criticar o propio Kant e a súa famosa cita tomada de Horacio “Sapere Aude”, é decir, “atrévete a pensar”. Atrévete a pensar en que?, espétalle Johanna a Theodora durante a función, realizando unha forte e dura crítica marxista ante o idealismo kantiano.

“Sapere Aude” cita que tamén é a contrasinal que o público debe dar para poder ter acceso a este espectáculo, rememorando os Salóns Ilustrados Clandestinos que mulleres organizaban nesa época.

As ideas filosóficas, por suposto, pasan tamén pola crítica cara a propia filosofía e os filósofos por esquecerse da metade da poboación mundana: as mulleres; como é posible que tendo a filosofía unha pretensión universal, se esqueza sen embargo, da metade do universo?

UNIVERSO HISTÓRICO.



O universo suxestivo da obra lévanos inevitablemente á época da ilustración, unha etapa de grandes cambios e transformacións na Europa do século XVIII. Época sucesora do xiro Copernicano no que pasamos dun xeocentrismo, coa terra como centro do universo coñecido, a un heliocentrismo, onde o sol convértese en eixo central. Deste xeito, Europa entra nunha profunda crise que con todo culminará no século das luces ou ilustración.

De súpeto, o ser humano ten capacidade para ser un gran descubridor, para ser un “revelador” do universo coñecido. Poida que agora a terra non sexa o centro do universo pero a razón científica é, con todo, o centro de todo porvir e mellora. Pasamos da época medieval á época moderna na que o pensamento e o emprego da razón non está suxeita ao principio de autoridade da igrexa. A fe e a razón non van unidas, é imposible que vaian unidas e por tanto, todo o escurantismo que levan as crenzas relixiosas dan paso a unha brillante luz que brota do pensamento racional. Isto outorga á época, unha confianza absoluta na razón e nas súas capacidades para alcanzar un mundo mellor. O método científico vólvese autónomo e o ser humano, cos seus novos instrumentos e avances, ten a capacidade de experimentar por si mesmo e sacar as súas propias conclusións.

Neste peculiar cambio histórico desenvólvese o universo que queremos tratar, a ilustración alemá coñecida como Aufklärung e máis concretamente, a ilustración entendida por Inmanuel Kant, o noso filósofo que será a pedra angular deste movemento co seu lema “Sapere Aude”.

Na época de Immanuel Kant (1724-1804) había dúas correntes de pensamento contrapostas: o novo empirismo, impulsado polo escocés David Hume e o racionalismo executado por Christian Wolff, como herdanza do pensamento cartesiano que máis tarde culminaría con Hegel na súa máxima expresión coa sentenza: “todo o real é racional e todo o racional é real”. O noso filósofo, que nun principio predica coa corrente racionalista, esperta do seu “soño dogmático” coa lectura do Tratado sobre a Natureza Humana de Hume que lle abre novos horizontes filosóficos. Por iso, Kant postúlase como o gran irenista ao axuntar estas dúas correntes filosóficas que nun principio parecen irreconciliables. A gran tarefa que o filósofo se trae entre mans non é outra que examinar a nosa razón para establecer cales son os seus propios límites e con iso realizarse as preguntas: Que podo coñecer? Que debo facer? Que me cabe esperar? Tres preguntas dun profundo calado filosófico que se corresponden con tres vías do pensamento Kantiano: a razón teórica, a razón teórico-práctica e a razón práctica. Isto é, a vertente máis puramente cognoscitiva das nosas facultades e os seus límites e a vertente moral ou ética dos nosos actos e as súas consecuencias.

Todo en Kant, vira baixo a premisa que toma prestada de Horacio, isto é: “Sapere Aude”, atrévete a pensar, ten a valentía de usar a túa propia razón para obter as túas propias conclusións. Saír da “minoría de idade” onde estamos suxeitos aos ditames doutros para instituir un tribunal que garanta as súas pretensións lexítimas e cancele calquera presunción infundada, non mediante argumentos de autoridade, senón a través de leis eternas e inmutables que a propia razón posúe. Todo ten que someterse ao ditame de semellante tribunal presidido pola razón humana.

E que significa atreverse a pensar? Pois segundo Kant, buscar dentro de uno mesmo (ou sexa, na propia razón) o criterio supremo da verdade. Servirse da propia razón non significa outra cousa que preguntarse a si mesmo se un atopa factible converter en principio universal do uso da súa razón o fundamento polo cal admite algo ou tamén a regra resultante daquilo que asume. De igual forma, postula como universal o principio de razón práctico ou moral, aquel que alcanza aos nosos principios éticos e que é o eixo que move aos nosos personaxes a tomar unha ou outra dirección. Isto é a máxima kantiana do Imperativo Categórico, isto é: “obra de tal modo que a túa máxima se converta en lei universal”, principio segundo o cal o noso público debe decidir o noso final.

Nin máis nin menos, o noso filósofo fala de principios universais e isto pronto se advirte como sinxelo en canto a tese pero difícil e longo de cumprir en canto a hipótese. Aínda así, Kant confía plenamente na nosa razón e pensa que nun proceso lento de educación, a humanidade poderá adquirir estes principios básicos da ilustración que leven non só ao progreso material, senón que

este vaia acompañado sempre dun progreso moral, posto que Deus, en última instancia é garante de que isto así suceda. E velaquí, o punto referencial para a nosa obra e o seu gran leimotiv: chegamos a esta época e observamos que o progreso moral non foi acompañado dun progreso moral. Por tanto, a ilustración fracasou e o mesianismo do progreso onde hai un intento de ordenación do mundo visible e invisible transfórmase nun baleiro ou nada actual postmoderna onde non é que non haxa valores, senón que a propia estrutura está baleira. A pretensión de dominio da razón converteuse nunha nada estrutural.

Vemos pois, que a ilustración é cousa seria e de enorme responsabilidade, nin máis nin menos que a de cambiar a orde e transcurso das cousas coñecidas e por iso, Kant foi un auténtico filósofo revolucionario. E de igual modo, estas dúas mulleres e o público de Té con Kant teñen unha enorme responsabilidade análoga á que Kant tivo no seu tempo.



ELENCO

Marta Pérez



A Cañiza, 1979. Actriz, creadora escénica e produtora teatral. Directora de Inversa Teatro- nacida en 2009- coa que leva cinco producións teatrais: Expostas- da que é co- autora e que foi publicada pola Revista Galega de Teatro, Kamouraska, Paper Dolls, A Illa das Mulleres Loucas e a recenté Té con Kant, tamén co-escrita por ela xunto con María Caparrini. Inversa levouna a realizar xiras por Brasil, Colombia, México e Venezuela tanto no 2012 coma neste 2013. Estudou interpretación nas escolas Santart e Espazo Aberto de Santiago de Compostela, ademais da licenciatura en Filosofía que posúe.

Foi fundadora e co-proprietaria da compañía de Teatro Arela das Artes desde 2002 ata o

2007, coa que realizou sete producións profesionais.

Traballou tamén para outras compañías como Cámara Negra Teatro, Noescafé Teatro (Alt Vigo), Fura dels Baus, Lingoretas, Raigame Teatro e Escena-T. No campo audiovisual, foi dobladora e participou en varias curtametraxes e longametraxes. Traballou como actriz contratada na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e imparte cursos a través da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra. Foi convidada a diferentes Festivais e convencións teatrais en España, Portugal e Latinoamérica onde impartiu distintos talleres, cursos e conferencias. Colaborou coas Embaixadas de España en Colombia e Venezuela, en concreto con cursos e talleres sobre as *Artes Escénicas desde unha perspectiva de Xénero* no Centro Aecid de Cartagena de Indias- Colombia e na Universidade das Artes de Caracas. Puntualmente téñen colaborado escribindo artigos en diferentes revistas de teatro en Galicia.

María Roja

Actriz, performer e artista visual.

Licenciada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia e en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Completa a súa formación nos eidos da actuación e da interpretación da man de Alicia Framis, José Luis Raymond, Ana Vallés, José Piris, Nikolai Karpov, Berg Wagenaar, Wlodzimierz Staniewski máis de membros das compañías Temple Theatre e Siti Company; así mesmo, profunda en técnicas do corpo e na danza con Juan Carlos Zahera, Ana Serna, Dominick Boruki, Jordi Cortés, Arnold Tarraborelli e Maria Shmaevich, entre outros.

Como actriz traballou baixo a dirección de José Prieto, Núria Inglada, Antonio

Morcillo ou Alfonso Rivera, así como nas compañías de teatro *Zancalino*, *Palimoco*, *Galitooon*, *Demolicións Ferreira & Cía* ou *Inversa Teatro*.

No campo audiovisual, logo de participar en distintas curtametraxes, fai o seu debut cinematográfico co filme *Vilamor* dirixida por Ignacio Vilar, para pórse despois diante da cámara de Alexandre Cancelo en *Dos soños antes do cinematógrafo* e, máis recentemente, estar ás ordes de Breogán Riveiro na produción *Maratón*.

No ámbito da performance, vén traballando pezas en solitario ou en colaboración con outros artistas como Fran Buceta, Chiu Longina ou Berio Molina.

Formou parte do Equipo Artístico e de Redacción de *Núa*, *Revista de Artes Escénicas*.

É co-fundadora do colectivo *áIntemperie* e do feto bicéfalo *Ohn*, proxectos artísticos na procura dunha linguaxe propia sitos no campo da performance e da expresión escénica experimental.

Actualmente cursa un Máster en Artes Escénicas, estudos que compaxina co seu traballo docente e co labor creativo nos eidos das artes visuais e escénicas.



CONTACTO:

-INVERSA TEATRO

Marta Pérez

(+34) 690 084 625 / (+34) 986 140 120

inversa@inversateatro.com

www.inversateatro.com

